


NÚMERO 18//MARZO 2023

CHÍO

MODOS
OSCUROS
ON

UNIVERSO II



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Obra de Santín



Benjamín Santín Carballada.

Profesor, pintor e debuxante, nace en Becerreá (**Lugo**) no 1933.

Catedrático de debuxo, foi **Santín** profesor da Escola de Comercio e da Escola de Mestría Industrial e tamén Presidente do Primeiro Congreso Galego de Profesores de Debuxo, no 1998.

Á súa vertente de profesor, hai que engadirle o deseño, a fotografía e a pintura, na que adoptou as técnicas de: plumiña, aguada e acuarela; realizando deseños de logotipos, revistas, carteis,... e participando en diferentes exposicións colectivas e en numerosos congresos da temática, tanto como poñente coma expositor.

Toda a súa obra está caracterizada polo contido libre das súas alegorías e simbolismos conceptuais, ao estar baixo a inspiración popular da curiosidade, a fantasía e a didáctica.

Leva ademais consigo, a intención de comunicar sempre a linguaxe interior por medio da palabra e da imaxe.


As súas obras: "Visión Háptica" e "Rastro en la arena" foron seleccionadas para a exposición do IV Concurso Fotográfico Playa de Gandía en agosto de 2004.



PORTADA INTEGRAL



O AUTOR





M

8 de marzo, no es un "feliz día". No se celebra. Mujer. Mujer de gobierno. Mujer de la calle. Mujer de punto. Mujer del partido. Mujer fatal. Mujer mundana. Mujer objeto. Mujer orquesta. Mujer pública. Pobre mujer. Blablablablablablablaba. Se reivindica.

"Quiero disculparme con todas las mujeres a las que he llamado bonitas antes de haberlas llamado inteligentes o valientes. Lamento si hice sonar que algo tan simple como con lo que se nace, es de lo que tienes que estar más orgullosa, cuando es tu espíritu el que ha aplastado montañas. De ahora en adelante, voy a decir cosas como eres resistente o eres extraordinaria, no porque crea que no eres bonita, sino porque eres mucho más que eso."

MELINA LÓPEZ

EL FUTURO PRÓXIMO QUE LUGO NO DEBE PERDER DE VISTA.

TEXTO DE AGUSTÍN GALLEGO

Lugo necesita tener objetivos claros, bien definidos y no sólo proyectos pensando en elecciones.

Un claro ejemplo de ello lo tenemos en el ámbito digital y tecnológico, debemos estar muy atentos al futuro tecnológico, al turismo y a la industrialización de nuestro territorio urbano y también el rural. Para ello necesitamos políticas de altura y buena gestión, integrar y trabajar en colaboración con el sector privado. Esta es la forma de que nuestros jóvenes se queden en Lugo y otros puedan venir, para que los autónomos tengan futuro y el sector servicios se revitalice.

Tenemos por delante un futuro en el que las nuevas tecnologías serán materia imprescindible para competir, no podemos quedarnos atrás; de no acertar en el desarrollo de políticas adecuadas, tendrá consecuencias preocupantes a corto medio y a largo plazo, tenemos que conseguir la eficacia, eficiencia y la competitividad necesaria: "trabajar mejor y producir más".



Los proyectos que Lugo necesita deben tener dos partes bien diferenciadas: la política de cercanía y la política de altura.

Los líderes políticos deben ejercer su liderazgo al frente de las instituciones, ser capaces de adelantarse a los tempos.

La inversión pública en Lugo (la de todas las administraciones junto a fondos europeos) debe ser uno de los principales motores de la economía.

"La voz y la palabra", junto con las ideas y el compromiso son muy valiosas en estos tempos. No debemos permanecer indiferentes.

Diferente

José Manuel Rus

Coordinador da MOEXMU e da festa da Filloa de Miumenta



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Que viaxe lle gusta ou gustou máis

E cal sería a resposta?

O que está pendente

Unha película?

Mar adentro

Un actor?

Antonio Resines

Unha actriz?

Dúas: Verónica Forqué e Maribel Verdú

Unha canción?

Eso que tu me das de Jarabe de Palo

Un libro?

Nosotros Los Rivero

Un autor?

Javier Cercas

Un articulista?

Tamén dous: Carmen Uz e Marcos Rodríguez

Un político?

Outros dous: Felipe González e Alfonso Guerra

Un tempo?

Futuro

Un taco?

Me cago en... (Con calquera das variantes)

Que lle molesta?

Impuntualidade

Alguén ou algo despreziable?

O engano

XXIII MOSTRA DE TEATRO CLÁSICO DE LUGO

EVENTO DO MES

3 MARZO | 20:30

**JÁCARA PARA UN PÍCARO
O LA ESPAÑA NEGRA**
LA GRIOTTE

5 MARZO | 18:30

MOLTO BARROCO
PÍSCORE

9 MARZO | 20:30

EL DIABLO COJUELO
RHUM TEATRE E CNTC

10 MARZO | 20:30

MAESTRÍSSIMO
YLLANA

11 MARZO | 20:30

VIVE MOLIÈRE
AY TEATRO

12 MARZO | 12:30

JUSTINA Y JACINTA
TEATRO DEL CUERVO

17 MARZO | 20:30

EL ANIMAL DE HUNGRÍA
ESCÉNATE

18 MARZO | 20:30

ANTÍGONA 3 X 3,5
COMPANHIA DO CHAPITÓ

19 MARZO | 18:30

OS CONTOS DE WILLIAM SHAKESPEARE
PEDRAS DE CARTÓN

23 DE MARZO | 20:30

IPHIXENIA NA PORTA DO SÚPER
COMPAÑIA HUMANA

24 DE MARZO | 20:30

I LOVE CATALINA
HILO PRODUCCIONES

25 MARZO | 20:30

MENINA, SOY UNA PUTA
OBRA DE VELÁZQUEZ
CIA. PROYECTO CULTURA

26 MARZO | 12:30

CARRETA Y MANTA
CIA. SINFÍN

26 MARZO | 18:30

ELEKTRA.25
ATALAYA

TODAS AS OBRAS REPRESENTARÁNSE NO GUSTAVO FREIRE AGÁS AS DO 12 E 26 DE MARZO QUE SE REPRESENTARÁN NA PRAZA DA MOSQUEIRA

IMPORTE DAS ENTRADAS:

Obras para público adulto: 8 €. Desconto do 30 % para persoas en paro, menores de 30 anos, pensionistas e actores e actrices asociados á AAAG. Espectáculos para público familiar: 3 €. | Bono programación público adulto (10 obras): 50 €.



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA

INFO:
www.lugo.gal



O CONTINENTE MOITO ME IMPORTA

LA CONDENADA NEUMANDA*

E con ese encabezado, cantos de Lugo pensarán automáticamente no supermercado...pero non vai por aí a cousa.

Cando voltei a Lugo xa fai un tempo, para quedaren definitivamente nesta cidade que é xermolo familiar e por tanto, meu; eu que son muller de espectáculo, botei en falta un deses teatros *dos de antes, dos de sempre*: con butacóns de veludo e un corredor central que levara directo ao escenario. Dígoo a causa do evento deste mes ,que **Chío** destaca como tal.

Teatro clásico nun "envase" como é o Gustavo Freire, é unha dualidade que chirría. (1)

Non che sei se Lugo poderá ser algún día, grande no tema da cultura, pero o que sí parece evidente é que rehabilitar un edificio (espazo-dos moitos que hai, por outra banda) para convertelo no TEATRO da cidade, diría moito de quen nos goberna. Xa que hai mortos insignes, imposibles de resucitaren, recuperemos o patrimonio para un ben pensado uso cultural.

E aínda que idealista e romántico, igual non o é tanto, se cremos en darlle á cultura o lugar que merece e non simplemente, as faragullas.



(1) *Continente que tanto me importas, ben podería ser o inicio dun rezo aquelado para a ocasión.*

CHÍO NA PANCHA

ANTONIO GREGORIO MONTES *



Para unha publicación periódica con cabeceira editada nunha capital de provincia, é case normal definirse como capitalina, é dicir, sobreponderar o contido e referencias á vila capital aínda que a publicación en si non estea deseñada para ser 'da' capital.

No caso de **Lugo**, que agrupa na capital máis dunha cuarta parte da poboación total provincial, non se chega ós extremos de Madrid, pero sobrepasa ó doutras provincias como Asturias (que case se pode dicir que ten unha 'capital distribuída').

Enfocando dende outro punto, hoxe a provincia de Lugo é case o cosido doutras dúas anteriores. No 1833, unha reorganización estatal levou por diante a provincia de Mondoñedo, que correspondería coa actual Mariña (se queres, o conxunto das tres 'Mariñas' que se pretendieron como comarcas administrativas), cunha superficie semellante á de Biscaia. Con esa entidade e a eliminación de Mondoñedo como capital, caeron máis cousas. Podemos facernos unha idea cun par de datos, dende o feito que no 1833 a poboación da cidade de Mondoñedo era só lixeiramente menor que a da súa actual capital provincial (que dende aquela multiplicou por vinte os seus habitantes fronte ó estancamento e mesmo retroceso mindoniense) a que o proxecto dun ferrocarril pola costa tardara cousa dun século en materializarse, aínda cunha liña de 'vía estreita' (traducible por 'de segunda categoría').

O extremo norte da actual provincia de Lugo, dise, limita con Inglaterra mar por medio. E na punta que marca o extremo oriental dese límite, atópase unha icona do concello de **Ribadeo**: a **illa Pancha**.

No cambio de mentalidade co tempo, a illa pasou de ser un lugar inhóspito ó idóneo para plataforma de sinais marítimas, para construír un faro. Foi erixido hai 150 anos. Un lugar dende onde chiar non fronte a un Lugo / capital / centro, senón sinxelamente un lugar diferente para chiar.

Claro que, para comprender os chíos, mellor ter algo de contexto, que na distante Lugo pode non terse. Diso vai este artigo.



O faro da illa Pancha comezou a levantarse no 1859, cambiando con ilo a natureza da illa, e máis aínda a raíz da construción dunha ponte ó ano seguinte. Faro e ponte sufriron diversas reformas ó longo do tempo, e en 1983 fíxose un novo faro, quedando sen uso como tal o vello edificio que albergara a antiga luminaria e servira como casa do fareiro, misión coa que seguiu tempo despois da entrada en funcionamento do novo faro.

Así, a Pancha, a súa visión, o seu significado e a súa simboloxía cambiou pouco a pouco. E segue a cambiar: Pasa dos dez anos que un chiringuito, Puertos del Estado, decidiu poñer en marcha a iniciativa 'Faros de España'. É dicir, a privatización dos faros, substituídos con avantaxe polos novos sistema GPS. E vai camiño dos dez anos que, nesa liña, fixo concesión de parte da illa a unha empresa privada.

A cousa non remata aquí, e o xa dito é necesario amplialo, pero por iso mesmo esta parte da historia provincial e das xentes que habitamos necesita de máis espacio para ilustrar, clarificar e animar a quer (-nos, tamén).

Así que, seguirei a chiar.

Diferente

Eloi Caldeiro

Músico galego, escritor, comunicador, empresario, dinamizador cultural...



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Porque o grupo de música galega Brath leva catro anos sen actuar no San Froilán?

E cal sería a resposta?

Porque está vetado pola actual Concelleira de Cultura.

Unha película?

Cadea Perpetua de Frank Darabont

Un actor?

Morgan Freeman

Unha actriz?

Lauren Bacall.

Unha canción?

In A Gadda da Vida de Iron Buterfly

Un libro?

Cantares Gallegos de Rosalía de Castro

Un autor?

Eugenio de Andrade

Un articulista?

Àlvaro Cunqueiro

Un político?

Alexandre Bóveda

Un tempo?

O porvir

Un taco?

Caralludo

Alguén ou algo despreziable?

O Sectarismo

MARÍA, A BALTEIRA

Poucos datos coñecemos da vida de **María Pérez "A Balteira"** e a maioría aparecen nun documento de 1257 do Monasterio de Sobrado dos Monxes e nalgúns cantigas da época.


María nace en terras de Betanzos, na provincia de A Coruña ao longo do século XIII. Era filla de Pedro Eanes de Guimaráns e máis de Azenda Peláez.

Durante o reinado de Fernando III el Santo, María comenzaría a súa carreira de soldadeira. Unha figura adicada a entreter aos cortesáns con baile e canto, durante a actuación dos xogares. Solía acompañar aos soldados durante as campañas militares e polo seu traballo recibía unha "soldada" como salario, de aí o seu nome.

A súa maior fama veu na corte de Alfonso X O Sabio, onde lle serían adicadas varias cantigas de escarnio.

O seu talento para o espectáculo foi o que lle da a fama, pero ningún poema fai referencia a esa arte, porén recibe críticas abertas, dada a súa vida lonxe do matrimonio ou da igrexa.

No documento antes sinalado, María anunciábase para acudir a Terra Santa ca fin de expulsar aos "infieis" e nel, quedaba asinado que as súas propiedades eran amparadas pola igrexa, mentras a cruzada durase.



QUEN FOI?

O que parece quedar claro é que **María "A Balteira"** terminou por seren unha aventureira, unha rebelde, que desexaba a liberdade por riba de todo, nunha época na que a muller estaba destinada ao convento ou á casa.



Rúa María Balteira , en Lugo



A BOCADOS

MELINA LOPÉZ

Conmemorando a Rosalía, en **O vello cárcere**, ata o 14 de marzo, pódese visitar a expo: "O Herbario de Rosalía"

Na música : Kill Bill. Acoustic Sza.



O 11 de marzo, hai **#cita a non perder**, no festival da fantasía cunqueiriana. Unha proposta a priori moi ambiciosa, pero que de darse ben, conseguirá reunir disciplinas artísticas diversas: cine, teatro, gastronomía, literatura, ... arredor da figura de Cunqueiro, nun marco incomparable.

ACLARÉMONOS

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

En relación aos **contidos** deste **Chío**, é preciso aclarar:

- As obras de **Santín** que acompañan á que ilustra a portada, son as que seguen, por orde de aparición: "**Tejados Lugo 2001**", "**Plano Cósmico. Creación V**".
- Nas **notas da editora**, o poema reflectido é "**Eres más que belleza**" de **Rupi Kaur**.
- **La condenada Neumanda** achegará o seu punto de vista lucense, en sucesivos **Chíos**. A **imaxe** do extinto **Gran Teatro** é da rede, **autoría de J.L. Cabo**.
- **Antonio Gregorio Montes** é un xubilado inqueda, profesor que profesa gran amor pola terra e quen vai aportar contido aos **Chíos** que veñan, tanto como desexe. Actualmente colabora con medios como **Praza Pública** ou **GaliciaDigital** e ten o seu propio **blog**. Ademais, os debuxos que ilustran o artigo "**Chío na Pancha**" son do mesmo Antonio Gregorio.

- "**A bocados**" é unha compilación gourmet, que pretende desencadear ideas e propostas, arredor do contido xeral da revista.

No referido as **imaxes**, hai que dicir que salvo o sinalado anteriormente, todas son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, no caso que proceda.



Coordina e dirixe Chío:
Melina López.



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)



[@lugosempre](https://www.instagram.com/elugosempre)

